

CLASICISMO

PAOLA HERMIDA BATISTA 2ºB BACH

Ópera seria:

- Recibiu a súa formulación clásica de parte de Pietro Metastasio, cuxos dramas foron postos en música polos compositores do s.XVIII.



-Características:

- Estas obras presentaban un conflito de paixóns humanas nunha acción baseada en historias dalgún autor grego ou latino clásico.
- O curso da acción daba oportunidade para presentar escenas variadas e a resolución do drama viraba ao redor dalgún acto de heroísmo ou renuncia.
- A obra divídese en tres actos, alternaban arias e recitativos. Nos recitativos desenvolvían acción e a aria expresa sentimentos.
- Había duos ocasionais, conxuntos grandes e poucos coros.
- A orquestra só acompañaba aos cantantes.

- O interese musical centrábase nas arias, isto ocasionou abusos por parte dos cantantes sobretodo dos castratis. Formulaban esixencias arbitrarias a poetas e compositores, obrigandolles a engadir, substituir e alterar arias.
- As ornamentacións melódicas e as candezas eran despregues de acrobacia vocal, de valor musical ou estético.



Ópera bufa:

Presentan escenas e personaxes familiares no canto de temas heroicos ou mitolóxicos, requiren recursos de execución modestos. Asumiu diferenzas nacionais. Os libretos estaban en linguas vernáculas, a música tendía a acentuar a linguaxe musical local.

A ópera cómica creceu en importancia despois de 1760, e antes de fins de século moitos dos trazos característicos víronse absorbidos pola corrente principal de composición operística.



-ITALIA: Intermezzo e ópera bufa

O intermezzo vén do costume de presentar breves interludios musicais cómicos entre os actos dunha ópera seria.

Un dos seus principais mestres foi **Pergolesi**, cuxa obra *La serva padrona* é de estilo cómico, animado e lixeiro.

A maior influencia deste tipo de ópera será a explotación da voz de baixo e o final de conxunto: para a conclusión dun acto saen á escena todos os personaxes, mentres a acción prosegue con crecente animación ata que a mesma alcanza a súa culminación, na cal participan todos os cantantes do elenco. Víronse forzados a seguir a acción sen perder coherencia na forma musical. Hai un refinamiento do libreto da ópera cómica, grazas a Carlo Goldoni: comezaron a aparecer tramas dun carácter serio, sentimental ou patético. A ópera bufa chamouse *dramma giocoso*. A ópera bufa avanzou un gran treito tanto no aspecto teatral coma no musical ao longo de todo o s.XVIII, Mozart soubo empregar moi ben a súa herdanza de teatro cómico, serio e sentimental, mesturada cun estilo musical vivo e flexible.



-FRANCIA: ópera comique

A versión nacional da ópera lixeira coñeceuse como *opéra comique*. Comezou cara o 1710 coma unha forma baixa de entretemento popular. A visita dunha compañía de óperas cómicas italianas en París en 1752 estimulou a produción de *óperas comiques*, nas que se introduciron arias orixinais xunto a melodías populares.

Na *opéra comique* utilizábase o diálogo falado en lugar do recitativo, igual que en todas as formas nacionais de ópera lixeira, salvo a italiana. Asumiu unha tinguidura romántica e nalgúns libretos tratáronse con audacia os temas sociais anteriores á Revolución. Adquiriu unha significación musical cada vez maior durante o período romántico.



-INGLATERRA: ballad-ópera

A ballad-ópera inglesa ascendeu á popularidade tras o éxito extraordinario de *The Beggar's Opera* de John Gay, en Londres, en 1728. Esta obra satirizaba abertamente a ópera italiana de moda, e a súa música, como a da *opéra comique* primitiva, estaba formada na súa maior parte por melodías populares (baladas) con algunhas parodias de arias operísticas coñecidas. A inmensa popularidade das óperas de baladas na década de 1730 foi un dos signos da reacción xeral que se produciu en Inglaterra contra a ópera estranxeira



-ALEMAÑA: singspiel

Xurdiu o *singspiel* no s.XVIII. Os primeiros *singspiel* foron adaptacións de óperas baladas inglesas, pero os libretistas pronto empezaron a usar na súa procura de material traducións ou arranxos de óperas cómicas francesas, os compositores escribiron música nova nunha vea melódica nacional, familiar e atractiva. Moitas melodías dos *singspieler* do s.XVIII foron incorporadas a cancioneros alemáns para terminar por converterse en cancións populares. No norte de Alemaña, o *singspiel* fundiuse coa ópera romántica nativa de comezos do XIX. No sur, en Viena, estaban de moda os temas de farsa, cunha música animada, de estilo popular, influída pola ópera cómica italiana. Tivo importancia como antecedente das obras de Mozart.

